



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

BASES QUE REXEN A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO LABORAL TEMPORAL DE TRACTORISTAS E ALBANEIS OFICIAIS 1ª PARA O CONCELLO DE IRIXOA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN.

1ª. **OBXECTO:** Creación dunhas bolsas laborais temporais de "tractoristas" e "albaneis" (oficial 1ª para ambas) para o Concello de Irixoa mediante o procedemento de concurso- oposición.

2ª. **REQUISITOS:** Os aspirantes a integrarse nas bolsas deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) ser español, ou cidadán de calquera país da Unión Europea.
- b) non padecer defecto o enfermidade física ou psíquica que impida o correcto exercicio das funcións establecidas.
- c) dispoñer do permiso de condución do tipo B (mínimo).
- d) non ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.
- e) non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública.
- f) ter pagados os dereitos de exame do proceso, que se establecen en 16 euros.
- g) informe de vida laboral completo e actualizado.

3ª. **INSTANCIAS:** Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª, con prazo dende o día seguinte da súa publicación no BOP de A Coruña ata o 15 de abril de 2025, en horario público de 9:00 ás 14:00 horas (registro telemático horario permanente en sede electrónica).

Á instancia axuntarase fotocopia do DNI, así como xustificante do ingreso dos dereitos de exame, fotocopia do permiso de condución e da documentación que xustifique os méritos e requisitos.

4ª. **LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:** A Alcaldía ditará resolución no prazo de 3 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de instancias na que se declarará a admisión ou inadmisión de cada aspirante; dita resolución será exposta ao público na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, tendo os interesados un prazo de 2 días hábiles para reclamar por escrito . A continuación ditarase resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos; no caso de non presentarse reclamación a lista inicial converterase en definitiva de xeito automático.

5ª. **SELECCIÓN:** Unha vez constituído o tribunal calificador, se reunirá para realizar os seguintes cometidos do proceso:

- a) valorar os méritos alegados de acordo coa base 7ª.
- b) realizar a proba práctica a todos os aspirantes admitidos, no lugar e data que será determinado na resolución de Alcaldía onde se aproba a lista de admitidos e excluídos.

6ª. **TRIBUNAL:** O Tribunal calificador estará composto polas seguintes persoas, con voz e voto:

- Presidente: Iván Ponte Mahía, secretario-interventor do Concello de Irixoa e
- Vogal: Juan Carlos Golpe Acuña, persoal fixo do Concello de Irixoa; ou outro empregado cualificado dos concellos da comarca, designado pola Alcaldía do Concello de Irixoa, no suposto de imposibilidade do anterior.
- Secretario: José Fernando Espada Orgeira, funcionario do Concello de Irixoa.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

Suplentes: Ramiro Cal López, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (presidente); M^a. Isabel Bouzón López, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (vogal) e Úrsula de la Barrera Fernández, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (secretaria). En caso de necesidade poderían alterarse estes cargos de substitución.

7^a. MÉRITOS: Consideraranse como méritos valorables os seguintes: (máximo 8 puntos)

a) Formación ou méritos apreciables polo tribunal (cursiños relacionados co traballo, permisos de conducir adicionais, etc.): ata 2 puntos.

Permiso de conducir adicional: 0,50 puntos.

Cursos relacionados co traballo:

1.- De 10 horas ou máis: 0,05 puntos.

2.- De 25 horas ou mais: 0,10 puntos.

3.- De máis de 50 horas: 0,25 puntos.

b) Experiencia laboral en traballos similares posterior ao 1-1-2014: ata 2 puntos, con 0,10 pto. máximo por mes completo, a valorar polo tribunal.

- tractoristas: traballos de rozado de vías públicas e conducción profesional de tractores.

- albaneis: traballos de construción en obra pública.

c) Experiencia laboral en posto similar nos concellos de Irixoa ou limítrofes posterior ao 1-1-2014: ata un máximo de 4 puntos, con 0,20 puntos por mes.

tractoristas: traballos de rozado de vías públicas e conducción profesional de tractores.

- albaneis: traballos de construción en obra pública.

Nos apartados b e c a valoración será por xornada completa; cando a experiencia sexa por xornada parcial o cómputo realizarase calculando proporcionalmente o tempo correspondente reconvertido á xornada completa.

8^a. PROBAS DE SELECCIÓN: Os aspirantes admitidos se someterán de maneira preceptiva á seguinte proba:

8.1. Proba práctica: Será determinada polo Tribunal versando sobre cometidos manuais do posto de traballo en cuestión e onde se valorará a idoneidade e destreza dos aspirantes, con puntuación máxima de 12 puntos. Para superar a proba, se deberá optar un mínimo de 6 puntos.

A proba para os tractoristas será realizada con maquinaria rozadora.

A proba para os albaneis será realizada coas ferramentas máis habituais da profesión.

9.- CONTRATO: Unha vez rematado o proceso de selección, a Alcaldía ditará resolución co resultado do proceso de integración nas bolsas, coas correspondentes contratacións das persoas mellor valoradas, de cada bolsa, listaxe que se expoñerá na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

O concello, representado polo alcalde, e as persoas seleccionadas asinarán os pertinentes contratos laborais, fixándose un período de proba de 15 días. Se algunha das persoas seleccionadas rexeita a contratación, sen causa xustificada, será excluída da bolsa de contratación correspondente.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

9ª. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS. De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición, segundo o disposto na Lei, mediante contacto co noso delegado de protección de datos no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

10ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN. O proceso selectivo rexeráse polas presentes bases e polo disposto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, de Texto refundido de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

11ª. IMPUGNACIÓN: A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;